



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Téndose aprobado polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2026, expediente nº: 1500/2025 por acordo adoptado en sesión de 18 de decembro de 2025, en cumprimento do que dispón, o artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que o devandito orzamento ascende á contía de:

Total Gastos	Total Ingresos
2.998.800,00	2.998.800,00

A imputación por capítulos é a seguinte:

ESTADO DE GASTOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES	
1.- Gastos de Persoal	899.420,30
2.- Gastos en bens correntes e servizos	1.995.777,12
3.- Gastos financeiros	-
4.- Transferencias correntes	34.678,00
5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos	-
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6.- Inversións reais	68.924,58
7.- Transferencias de capital	-
8.- Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	-
TOTAL	2.998.800,00 €

ESTADO DE INGRESOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES	
1.- Impostos directos	637.239,76
2.- Impostos indirectos	15.471,72
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	517.430,50
4.- Transferencias correntes	1.784.402,10
5.- Ingresos patrimoniais	-

B.- OPERACIÓN DE CAPITAL	
6.- Enaxenación de inversións reais	-
7.- Transferencias de capital enaxenación de inversións	44.255,92
8.- Activos financeiros	-
9.- Pasivos financeiros	-
TOTAL	2.998.800,00 €

PLANTILLA 2026

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

PRAZA/POSTO DE TRABAJO	Nº PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACIÓN
Escala de habilitación de carácter nacional				
Subescala Secretaria-Intervención				
Praza: Secretaría-Intervención	1	A1	28	COMISION DE SERVICIOS
Posto: Secretario- Interventor				
Escala de Administración Xeral				
Subescala Técnica				
Praza; Técnico de Administración Xeral	1	A1	26	EN PROPIEDAD
Posto: Xefe de sección de urbanismo, contratación, fomento, emprego e desenvolvemento local.				
Subescala Administrativa				
Praza; administrativo	1	C1	22	EN PROPIEDAD
Posto: Xefe da Sección de contabilidade e Tesourería. Tesoureira				
Subescala Auxiliar				
Praza; auxiliar administrativo	1	C2	18	EN PROPIEDAD
Posto: Xefe de Ngdº de Asuntos Xerais, Arquivo e documentación				
Praza; auxiliar administrativo	1	C2	18	VACANTE
Posto: Xefe de Ngdº de Xestión tributaria e recaudatoria.				
Praza; administrativo	1	C1	21	VACANTE
Posto: Xefe de Ngdº de Asuntos Xerais, Arquivo, documentación e padrón				
Praza; auxiliar administrativo	1	C2	16	VACANTE
Posto: Auxiliar Administrativo da Administración Local				
Subescala Subalterna				
Praza: Vixiante Municipal	1	E	14	EN PROPIEDAD
Posto: Vixiante en Biblioteca Telecentro				
Praza: Conserxe	1	E	14	EN PROPIEDAD

Posto: Conserxe				
Escala de Admón Especial				
Subescala Técnica				
Praza: Arquitecto	1	A1	26	EN PROPIEDAD En proceso de funcionarización
Posto: Arquitecto en unidade de urbanismo (A tempo parcial)				
Subescala Técnica				
Praza: Traballador/a Social	1	A2	22	EN PROPIEDAD En proceso de funcionarización
Posto: Traballador/a Social				

B) PERSONAL LABORAL FIXO

POSTO DE TRABAJO	Nº DE PRAZAS	GRUPO	C.D.	SITUACION
Director Centro Social	1	A2	22	En propiedade
Monitor de ocio e tempo libre C. Social	1	C2	18	En propiedade
Encargado de obras e servizos-condutor	1	C2	18	Vacante
Oficial	1	C2	16	En propiedade
Encargado mantemento EDAR	1	C2	16	En propiedade
Condutor	1	C2	16	En propiedade
Condutor/Operario de servizos múltiples	1	E	14	En propiedade
Limpadora	1	E	12	En propiedade
Auxiliar de axuda no fogar	1	E	12	En propiedade

C) PERSONAL EVENTUAL

Ningún.

D) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

	Nº de postos	Características
Peóns servizos múltiples	2	Xerais

Nesta plantilla/cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poda realizar ao amparo dalgunha subvención do Estado, Xunta de Galicia, Deputación ou outro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo de que se trate.

Así mesmo e en cumprimento do establecido no artigo 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o contido da base 25 e 26 das de Execución do Orzamento para o ano 2025.

BASE 25. BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE BECERREÁ.

Os obxectivos e efectos que o Concello de Becerreá pretende conquistar coa aplicación destas subvencións previstas no orzamento, son as de fomento do asociacionismo e realización de actividades populares, culturais, de fomento de actividades deportivas ou de interese deportivo, de fomento de estilos de vida saudables, desenvolvemento local, turismo, festexos, educación, xuventude, medio ambiente, participación veciñal, cooperación, consumo, servizos sociais, etc, polos veciños do Concello de Becerreá, así como outras actividades que sexan complementarias da actividade municipal e susceptibles de subvencionarse por dirixirse a un colectivo de poboación determinado así como aquelas actividades de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha finalidade pública que así sexan consideradas polo Concello de Becerreá, todo elo como medio para fixar a poboación asegurando un nivel óptimo de calidade de vida nun sentido amplo.

Terán a condición de beneficiarios de subvencións do Concello de Becerreá, as persoas que teñan que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexítima a súa concesión, podendo tratarse de persoas físicas ou xurídicas. Así mesmo poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas o xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

As solicitudes deberán presentarse no prazo que se indique na convocatoria da subvención ou durante todo o exercicio correspondente, sen prexuízo dos prazos de xustificación, se se trata de subvencións nominativas ou excepcionais.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrència competitiva. Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

- a) As previstas nominativamente nos Orzamentos, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.
- b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposta á Administración por unha norma de rango legal que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa
- c) Con carácter excepcional aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
- d) O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrència con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.
- e) O órgano competente para a concesión das subvencións será o Alcalde.
- f) Para a xustificación da subvención outorgada, se empregarán os modelos de xustificantes facilitados pola Administración Municipal.
- g) As subvencións deberán de xustificarse no prazo de 3 meses dende a realización da actividade subvencionada e en calquera caso antes do 1 de decembro do exercicio correspondente agás causa debidamente xustificada.
- h) A solicitude do beneficiario se poderán efectuar pagos anticipados das subvencións outorgadas por un importe non superior á metade do seu importe e sempre que este sexa igual ou superior a 3.500 euros. Para o seu libramento será preciso aportar certificacións de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social así como declaración responsable e asunción de compromiso de xustificación do importe total da axuda en prazo determinado so pena de inicio de procedemento de reintegro.
- i) As subvencións outorgadas polo Concello de Becerreá, será compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- j) De conformidade co establecido no artigo 31.2 en relación co artigo 31.8 da Lei Xeral de Subvencións, non será necesario acreditar o pago dos gastos subvencionables.
- k) Para a xustificación das subvencións presentarase conta xustificativa simplificada. De ser o caso os gastos xustificaranse con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, en orixinal. Estes orixinais presentados marcaranse cunha estampilla nos termos da lexislación vixente.
- l) O órgano encargado do seguimento das subvencións será a Alcaldía.
- m) No non previsto nas presentes bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.(LSG)

BASE 26: SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS

Quedan previstas nominativamente no Orzamento para o ano 2026 as seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	CONTÍA	OBXECTO
EIDO EDUCATIVO: 3.503,00 €			
323.480	ANPA CEIP San Xoán de Becerreá	800,00	Actividades extraescolares, culturais e deportivas, ocio e tempo libre, que revistan carácter educativo.

324.480	IES de Becerreá	1.503,00	Actividades extraescolares, culturais e deportivas, ocio e tempo libre, que revistan carácter educativo
326.480	Asociación Socioeducativa Antonio Gandoy	1.200,00	Espazo das familias Concello de Becerreá
EIDO SOCIO CULTURAL: 8.000,00 €			
334.480	Asociación Cultural Son de Cores	600,00	Actividades culturais.
334.480	Asociación Cultural Veciñal Agüeira	600,00	Actividades culturais.
334.480	Asociación Zoela	600,00	Actividades culturais.
334.480	Asociación As Candelas	3.000,00	Adecuación do municipio de Becerreá ás festas de nadal.
334.480	Asociación veciñal cultural Os Grobos	3.200,00	Actividades culturais e recreativas
EIDO DEPORTIVO: 11.100,00 €			
341.480	Sociedade deportiva de Becerreá	8.000,00	Participación en ligas 2024-2025 e Escola deportiva de Fútbol.
341.480	Ancares Becerreá Fútbol Veterano	1.000,00	Liga provincial de Fútbol Veterano de Lugo 2024/2025.
341.480	Club Ximnasia Rítmica de Becerreá	1.500,00	Actividades deportivas: Curso de ximnasia rítmica, de verán e participación en diversos torneos incluído o de Vila de Becerreá.
341.480	Asociación deportiva Torrados Racing	600,00	Campionato galego e de Castela e León de rallies.

De conformidade co preceptuado no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do Orzamento Municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Becerreá, 26 de xaneiro de 2026.- O alcalde, don Manuel Martínez Núñez.

R. 0208

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 2497/2025 E 2498/2025 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. OUTUBRO 2025.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2025 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 10.680,82 €, correspondendo 1.265,40 € a libre concorrencia e 9.415,42 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no

artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 12 de xaneiro de 2026.- A alcaldesa – presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 0209

PALAS DE REI

Anuncio

Expediente 631/2025. Denominación de novas rúas.

O Pleno deste Concello, en sesión de 10/07/2025, acordou iniciar o procedemento para a aprobación da denominación das vías públicas identificadas nos documentos gráficos que se incorporan ao expediente, da forma que a continuación se detalla:

- 1) Rúa Alcalde Fernando Pensado
- 2) Rúa do deporte
- 3) Praza Jim Graña

De conformidade co previsto no artigo 83 da Lei 39/2015, o Pleno acordou someter o acordo a información pública durante o prazo de vinte días, durante o que calquera persoa física ou xurídica poderá consultar o expediente e formular as alegacións que considere oportunas.

Palas de Rei, 27 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 0210

PANTÓN

Anuncio

Expediente n.º: 103/2026

Ampliación horario festividades 2026

ANTECEDENTES:

Vista a solicitude formulada o día 26.01.2026 pola Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), co rexistro de entrada número 2026-E-RC-165, na que pide autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalaría neste Concello nas festividades do ano 2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, e en particular o disposto nos artigos 8 e 9 da Orde do 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, e no artigo 5.f da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Autorizar a ampliación de dúas horas sobre os horarios límite de peche que teña establecido cada un dos locais de hostalaría sitos no Concello de Pantón nas seguintes datas:

- **ENTROIDO:** todas as noites desde a noite do 12 ao 13 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 17 ao 18 de febreiro (incluída).
- **PONTE SAN XOSÉ:** todas as noites desde a noite do 18 ao 19 de marzo ata a noite do 21 ao 22 de marzo.

- **SEMANA SANTA:** todas as noites desde a noite do 28 ao 29 de marzo ata a noite do 4 ao 5 de abril (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO:** todas as noites desde a noite do 30 de abril al 1 de maio ata a noite do 2 ao 3 de maio.
- **SAN XOÁN:** a noite do 23 ao 24 de xuño.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** as noites do 24 ao 25 de xullo e a noite do 25 ao 26 de xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** as noites do 14 ao 15 de agosto e a noite do 15 ao 16 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** a noite do 10 ao 11 de outubro e a noite do 11 ao 12 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** as noites do 30 ao 31 de outubro e a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro.
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** todas as noites desde a noite do 4 oa 5 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída).
- **FESTAS DE NADAL:** todas as noites desde a noite do 22 ao 23 de decembro de 2026 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2027 (incluída).
- **Ademais, por tratarse dun concello de interese turístico, solicitamos dita ampliación de 2 horas durante os meses de verán,** da noite do 20 ao 21 de xuño ata a noite do 20 ao 21 de setembro.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución na sede electrónica municipal para o xeral coñecemento da veciñanza.

Pantón, 26 de xaneiro de 2026.- O alcalde, don José Luis Álvarez Blanco. A secretaria, Elena González López.

R. 0211

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS – PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2025

POSTO DE TRABALLO: 3 PEONS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón, será necesario adiantala por correo electrónico, antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso-oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello da Pobra do Brollón, <https://concelloapobradobrollon.sedelectronica.es/info.0>

A Pobra do Brollón, 26 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Xosé Luis Maceda Vilariño.

R. 0212

SARRIA

Anuncio

EXPEDIENTE 1438/2022: DESAFECTACIÓN. ANUNCIO DE APROBACIÓN PROVISIONAL.

O pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 18/12/2025, acordou aprobar provisionalmente a desafectación e polo tanto a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible municipal:

Traza dun ramal do camiño denominado “Pista de Vega”, que en catastro se identifica coa referencia catastral 27057E501090090000GE, que se desvía cara ao Leste e introdúcese nunha parcela particular sen saída. A ramificación do camiño obxecto de desafectación descríbese como unha superficie de 464 m², que linda Norte, E Leste e Sur coa propiedade de Antonio Álvarez Fernández e Elvira García Abelleira; e ao Oeste, co camiño do que na actualidade forma parte refª catastral 27057E501090090000GE.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/board>

No devandito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, elevarase automaticamente a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Sarria, 27 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0213

Anuncio

EXPEDIENTE 3759/2025: DESAFECTACIÓN. ANUNCIO DE APROBACIÓN PROVISIONAL.

O pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 18/12/2025, acordou aprobar provisionalmente a desafectación e polo tanto a alteración da cualificación xurídica do seguinte ben inmovible municipal:

Traza dun ramal do camiño denominado “Camiño”, que en catastro se identifica coa referencia catastral 27057A007090090000JQ, que se desvía cara ao Norte e introdúcese nunha parcela particular sen saída. A ramificación do camiño obxecto de desafectación descríbese como unha superficie de 239 m², que linda Norte, Leste e Oeste coa propiedade de Óscar López Sánchez; e ao Sur, co camiño do que na actualidade forma parte ref^a catastral 27057A007090090000JQ.

En cumprimento do disposto no artigo 8 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de UN MES a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica Municipal: <https://sarria.sedelectronica.es/board>

No devandito prazo, os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non habelas, elevarase automaticamente a definitivo o acordo de aprobación provisional.

Sarria, 27 de xaneiro de 2026.- O alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 0214

MINISTERIO DE TRANSPORTES E MOBILIDADE SOSTIBLE

DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO EN GALICIA

Anuncio

La Subdirectora General de Planificación y Explotación, P.D. del Director General de Carreteras (Orden TMA/1007/2021, de 9 de septiembre, modificada por Orden TMA/355/2023, de 10 de abril), con fecha 24 de noviembre de 2025 ha resuelto:

- “**ORDENAR** que, en lo que afecta a la red estatal de carreteras, y de acuerdo con lo establecido en el apartado 5 del artículo 70 del Reglamento General de Carreteras (R.D. 1812/1994, de 2 de septiembre), SE SOMETA A INFORMACIÓN PÚBLICA el PROYECTO DE OBRAS DE SEGREGACIÓN DE VÍA DE SERVICIO Y ACCESOS A ESTACIÓN DE SERVICIO N-6, P.K. 506+582-P.K. 507+200 M.D. T.M. LUGO y el PROYECTO BÁSICO PARA IMPLANTACIÓN DE ESTACIÓN DE SERVICIO CARBURANTES LUGO N-VI, P.K. 506+582,63 – P.K. 507+200, ambos de fecha febrero de 2025 modificado con los planos de fecha de junio y octubre de 2025, firmados por el Ingeniero de Caminos Braulio López Gómez, Ingeniero de Caminos Canales y Puertos - I.C.C.P. colegiado nº 28.219, por un plazo no inferior a veinte días hábiles, que se anunciará en el Boletín Oficial de Lugo y en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Lugo, a fin de que todos los interesados puedan formular cuantas alegaciones y sugerencias estimen pertinentes sobre la actuación y la reordenación de accesos que se deriva.
- Se deberá dar trámite de audiencia a los propietarios e interesados de las parcelas colindantes a la estación de servicio afectados por la reordenación de accesos.
- Se deberá solicitar informe al Ayuntamiento de Lugo en relación con las actuaciones que puedan afectar.
- Se deberá notificar al organismo competente de transporte por autobús la necesidad de incorporación del autobús a la vía de servicio previo a la sección de barrera metálica para evitar cruces peligrosos en las proximidades de la parada de autobús ubicada al finalizar la vía de servicio.”

En cumplimiento de lo ordenado en dicha Resolución se somete a información pública el documento durante el plazo de 20 días, a contar a partir del primer día hábil siguiente a la fecha de publicación del anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Durante el período de información pública con el fin de que los interesados puedan examinar el proyecto estará expuesto al público en días hábiles y horas de oficina en el Ayuntamiento de Lugo, en esta Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia (Antonio Machado, 45, 15071- A Coruña) y en la Unidad de Carreteras del Estado en Lugo (C/ Ronda de la Muralla, 131, 27071 Lugo). Las alegaciones habrán de dirigirse a esta Demarcación.

La documentación del Proyecto está disponible para su consulta en la sede electrónica del Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible (<https://www.transportes.gob.es/el-ministerio/buscador-participacion-publica>).

A Coruña, 3 de diciembre de 2025.- El ingeniero jefe de la Demarcación, Ángel González del Río.

R. 0215